



IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	LINGUA GALEGA E LITERATURA	Nivel	3º ESO
Profesor/a	FÁTIMA LEIRA BELOSO / IOLANDA VILA LAGE	Curso	2021-2022

OBXECTIVOS e CONTIDOS

	OBXECTIVOS	CONTIDOS*
1ª AVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. 2. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos. 3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. 4. Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando os modelos propostos na aula. Planificar e revisar os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica. 	<ul style="list-style-type: none"> -Funcións da linguaxe -Tipoloxía textual : Texto literario : biografía e autobiografía - Léxico:Hixiene e coidado persoal / Campo semántico. Sentimentos e estados de ánimo. Hospedaxe / Familia léxica.Comercio / Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. - Gramática:Nome substantivo e nome adxectivo. Pronome : artigo, demostrativo e posesivo.Iidentificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo - Ortografía: Acentuación .Maiúsculas e minúsculas -Lingua e sociedade: orixe da lingua galega. A lingua galega na Idade Media. -Linguas en contacto interferencia e alternancia de código.Conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia; normalización e substitucións lingüísticas -Literatura: Literatura medieval. Lírica profana . Cantigas de amigo e cantigas de amor
	OBXECTIVOS	CONTIDOS

<p style="text-align: center;">2ª AVA</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante . 2. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión 3. Recoñecer os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada. 4. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX. 	<p>-Texto literario : retrato e autorretrato/ Texto xornalístico : debate, entrevista, crónica e -reportaxe</p> <p>-Léxico: Arquitectura / Abreviación, abreviatura e símbolo/ Artes plásticas / Enriquecemento do léxico :derivación., composición, sigla e acrónimo. Cinema / Música e baile .</p> <p>-Gramática:pronome persoal. Verbo.</p> <p>- Ortografía:puntuación. b/v</p> <p>- Lingua e sociedade:O galego e a lusofonía, a lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración, a lingua galega do século XIX até 1916. Lingua estándar e desvíos</p> <p>- Literatura:Cantigas de escarnho e maldizer. Outros xéneros. Lírica relixiosa. Prosa medieval</p> <p>Literatura da Idade Moderna: Prerrexurdimento e Rexurdimento. Rosalía de Castro</p>
		OBXECTIVOS

3^a AV A	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos. 2. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura . 3. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos. 4. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética, comprendendo os recursos a empregar; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes. 	<p>-Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda. Texto administrativo: acta e solicitude. Texto publicitario: anuncio. Texto electrónico: correo electrónico e conversa gráfica</p> <p>-Léxico: Radio e televisión / préstamo e estranxeirismo/ Ecoloxía /onomatopea. Seres míticos e ritos máxicos / palabra tabú e eufemismo./Deporte / cultismo e latinismo</p> <p>-Gramática: Unidade e función sintácticas; frase. Funcións sintácticas na cláusula. Cláusula e oración</p> <p>-Ortografía: Uso doutras consoantes. Grupos consonánticos. Palabras homónimas e parónimas</p> <p>-Lingua e sociedade: variedades diatópicas e variedades diastráticas. O galego e as leis. Lingua inicial e usos lingüísticos. Preconceptos lingüísticos</p> <p>-Literatura: Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez. Ensaio, narrativa e teatro do Rexurdimento. Literatura finisecular. Literatura popular</p>
-----------------------------------	--	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES
--	--------------------------------	----------------------------------	--------------------------

<p>1ª AV A</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas... -Identifica as diferentes funcións da linguaxe -Recoñece a diferente tipoloxía textual e pode crear textos diferentes, centrándose nos biográficos e autobiográficos -Recoñece o léxico referido á hixiene e coidado persoal, aos sentimentos, e ao campo semántico do comercio e hospedaxe. -Constrúe campos semánticos e familias léxicas, diferenciando palabras patrimoniais, cultas e semicultas. -Diferencia as categorías gramaticais. Recoñece a concordancia e as funcións sintácticas na cláusula. -Identifica o Substantivo (xénero e número) e o adxectivo -Identifica os determinantes (artigo, demostrativo e posesivo) e Pronomes: identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo -Diferencia as sílabas, ditongo, tritongo e hiato -Coñece e aplica as regras de acentuación así como o uso de maiúsculas e minúsculas. -Coñece a orixe da lingua galega e a súa situación ao longo da IM. -Recoñece as interferencias lingüísticas e a situación de conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia; normalización -Diferencia e recoñece os xéneros literarios -Coñece a lírica profana escrita en galego-portugués:Cantigas de amigo e de amor 	<ul style="list-style-type: none"> - Usa técnicas de síntese dos textos: subliñados, esquemas e resumos. -Comprende e interpreta textos xornalísticos: entrevistas, crónicas e reportaxes, diferenciando entre información e opinión. --Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais -Distingue entre bilingüismo e diglosia. --Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego -Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega da Idade Media, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente 	<ul style="list-style-type: none"> -Comprender, analizar e elaborar textos .narrativos e dialogados. -Saber usar as regras de acent. e clasificar fonemas,ditong.,hiatos e tipos de palabras. -Identificar e empregar .correctamente substantivos e adxectivos, ,artigos e demostrativos. -Coñecer social e culturalmente I.M. Caract.das cantigas de amigo e de amor. -Recoñecer as ling.da Península e a situación de conflito.
<p>2ª AV A</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñece a diferente tipoloxía textual e pode crear textos diferentes. -Recoñece e manexa o léxico referido á arquitectura / Artes plásticas/ Cinema / Música e baile -Comprende e utiliza os mecanismos de derivación, composición, siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolo. -Recoñece os pronomes persoais, identifica a súa función e sabe colocalos correctamente. -Recoñece as formas verbais nun texto e coñece a súa conxugación. -Recoñece e identifica os adverbios, preposicións e conxuncións. -Sabe empregar os signos de puntuación -Usa correctamente a ortografía: b/v e h -Coñece a Historia da lingua nos Séculos Escuros e na Ilustración, así como no século XIX até 1916 -Coñece a lingua estándar e e identifica os desvíos. -Coñece e valora a Literatura do Prerrexurdimento e Rexurdimento. Coñece e analiza a obra de Rosalía de Castro. 	<ul style="list-style-type: none"> --Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras -Revisa os textos para puntuar correctamente -Recoñece os principais elementos que caracterizan a lingua galega nos Séculos Escuros e no XIX. -Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias -Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia --Comprende e explica razoadamente a literatura do Prerrexurdimento e do Rexurdimento e sinala os seus principais trazos característicos -Comprende e explica a obra de Rosalía de Castro. 	<ul style="list-style-type: none"> -Comprender, analizar e elaborar textos xornalísticos e informativos. - Identif.,empreg.correct.posesivos,indef.,nu merais, ,pron persoais e verbos. -Saber usar os signos de puntuación -Coñec. as relac.semánt.das palabras -Recoñecer as propied.dun texto -Coñecer a historia social dos Séc.Escuros e o Rexurdimento. -Coñecer e analizar a Obra de Rosalía -Situac. sociolingüíst. de Galicia e ling.gal.no séc.XVI-XIX

3^a A V A	<ul style="list-style-type: none"> -Pode elaborar e analizar diferentes tipos de textos -Recoñece e manexa o léxico referido a Radio e televisión / Ecoloxía / Seres míticos e ritos máxicos / Deporte - Identifica os préstamos e estranxeirismos -Recoñece as onomatopeas, as palabras tabú e os eufemismos. -Identifica os cultismos e latinismos, como procedementos de formación de palabras. -Analiza frases, cláusulas e oracións e funcións sintácticas. -Utiliza correctamente os diferentes grupos consonánticos -Identifica palabras homónimas e parónimas -Recoñece as variedades diatópicas e variedades diastráticas. -Coñece a situación lingüística de Galicia. -Sabe identificar e evitar os preconceitos lingüísticos. -Coñece, valora e analiza a obra literaria de Eduardo Pondal e Curros Enríquez. 	<ul style="list-style-type: none"> -Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionado - Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. - Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego - Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona -Comprende e explica a obra de Curros E. e E. Pondal 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer, analizar e elaborar entrevistas e cartas. - Identificar e analizar mensaxes publicitarias. - Recoñecer e analizar frases nominais, perífrase verbais. - Identificar a estrutura dos textos e os conectores textuais. - Coñecer a obra de Pondal e Curros. - Recoñecer as variedades do galego e os rexistros lingüísticos. - Clasificar palabras patrimoniais, semicultas e cultas.
--	--	--	--

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas obxectivas escritas (exame da parte teórico-gramatical)	70%
Lectura obrigatoria	20%
Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude*	10%

*Aínda que a valoración da actitude do alumno ten unha compoñente subxectiva alta, imos tratar de medirla dun xeito o máis obxectivo posíbel. Neste apartado, e en función das notas tomadas polo profesor/a da materia, este valorará, como mínimo, o traballo realizado polos alumnos na aula e no traballo que o profesor indica que debe facerse na casa (tamén se pode valorar, a criterio do profesor, a orde e pulcritude do caderno da materia e calquera outro ítem capaz de ser valorado dun xeito minimamente obxectivo). O/A profesor/a da materia informará aos seus alumnos ao comezar o curso.

PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

En cada unha das avaliacións realizaranse dúas probas obxectivas escritas sobre os contidos sinalados, que se repartirán do seguinte xeito:

1^a av - 1^a proba: finais de outubro, comezos de novembro; 2^a proba: antes das vacacións de Nadal.

2^a av - 1^a proba: finais de febreiro, comezos de marzo; 2^a proba: antes das vacacións de Semana Santa.

3^a av - 1^a proba: finais de abril, comezos de maio; 2^a proba: antes das vacacións de verán.

A nota das probas obxectivas valerá 7 puntos, e os outros 2 acadaranse coa proba oral dun libro de lectura obrigatoria por cada avaliación, onde se valorará a expresión oral e a capacidade de comprensión e síntese da lectura acordada. O 1 restante do total terá que ver coa valoración recollida en *Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude**, vista nos instrumentos de avaliación.

Despois de cada unha das avaliacións haberá una proba escrita para que aqueles alumnos que non acadasen una avaliación positiva podan recuperala.